

Dependencia XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
Documento	Expediente	Fecha
XOB12I2IZ	XOB/504/2017	05-06-18 14:42

EXPEDIENTE: **DEFINICIÓN, DESEÑO, SUMINISTRO E INSTALACION DE SINALIZACIÓN INFORMATIVA VERTICAL TIPO AIMPE NOS VIAIS MUNICIPAIS DO ÁMBITO RURAL DO TERMINO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

ASUNTO: **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

TIPO DE CONTRATO: **SUBMINISTRO**

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: **ABERTO**

1. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA MATEMÁTICA (ata 89 puntos)

1.1. Proposición económica: ata 80 puntos.

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "prezo máis baixo da oferta". Obtido o orde de prelación de todas as ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 80 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_i = P_{\max} \cdot \frac{OE_{\min}}{OE_i}$$

Sendo:

Pi = puntuación da oferta económica.

Pmax = puntuación económica máxima posible (80 puntos).

OEmin = importe da oferta económica mais baixa das avaliáveis.

Ofertas con valores anormais ou desproporcionadas:

a) Identificación de baixas desproporcionadas ou anormais.

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non se poida cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos .

Consideraranse desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos supostos contemplados no artigo 85 do RLCAP.

b) Xustificación de baixas desproporcionadas ou anormais.

Identificadas as oferta desproporcionadas ou anormais, abrírase trámite de audiencia ás mesmas para presentar a documentación xustificativa. Dita documentación deberá ser o suficientemente detallada para permitir á administración determinar se pode garantirse o cumprimento de ditas proposicións.

1.2. Control de calidade: ata 9 puntos.

Valorarase o aumento do orzamento do control de calidade sobre o 2% obrigatorio a razón de tres (3) puntos por cada unidade porcentual (1%) sobre o orzamento base de licitación (orzamento de execución material), ata un máximo do 5%.

Santiago de Compostela, 05 de xuño de 2018

O xefe do Servizo de Programación e Proxección e Proxectos e Obras

Antonio Ranedo Santillana



Concelleiro Delgado de de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial

Rafael Peña Vidal